


A Mascota das Emocións



Propoñémosvos que creedes a vosa **"mascota das emocións"** coa finalidade de axudarlle aos máis pequenos/as a expresar como se senten, que é aquilo que lles preocupa e como poden resolver aquelas situacións que se producen diariamente nas súas vidas e que lles provocan diferentes emocións, algunhas veces negativas.

MATERIAIS

- Cartón
- Temperas ou pinturas
- Rotuladores
- Papeis de cores



PROCESO DE CREACIÓN

1. Debuxade nun cartón a silueta do animal que máis lle guste ao neno/a, que pasará a ser a súa mascota.
2. Marcade varios círculos no interior do seu corpo e debuxade no seu interior caras que representen as súas emocións (emoticonos).
3. Facede varios conos de papel, empregando diferentes cores. Escribide en cada cono a palabra que represente cada unha das emocións que debuxastes.
4. Poñédelle un nome á vosa "mascota das emocións", que vos axudará a resolver situacións difíciles.



ACTIVIDADES

- O neno/a debe asociar cada emoción co emoticono correspondente.
- Dialogade acerca de que situacións lle provocan esas emocións e como debe enfrontarse a elas. O neno/a debe facer frases do tipo:
 - "Síntome triste cando..."
 - "Estou feliz cando..."
 - "Preocúpame..."
- Diariamente o neno/a pódelle contar á súa mascota como se sente hoxe, o cal lle axudará a auto regular as súas emocións e saber como manexalas.

